



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO  
DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE NAIS  
E PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA  
PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES  
EDUCATIVAS EN VERÁN E NADAL**

En Pontevedra, a 30 de agosto de 2011

**REUNIDOS**

Dunha banda, don Antonio Louro Goyanes, con DNI nº [REDACTED] actuando en nome e representación do Concello de Pontevedra, no uso das facultades que se lle atribúen na súa condición de Tenente Alcalde, nomeado por decreto da alcaldía de data 22 de xuño de 2011 ao abeiro do disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 62.1 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, 35.1 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E doutra, don Manuel Alvite Vidal, co DNI. Núm [REDACTED] como Presidente da Federación de Asociacións de nais e pais de alumnos de centros públicos de Pontevedra ( en adiante FANPA), co CIF G 36020311, con domicilio na rúa Alfonso XIII- 3º, 36002- Pontevedra, en nome e representación da mesma, tal e como acredita o seu nomeamento de data do 23 de outubro de 2010.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercizo das facultades que teñen conferidas na representación que ostentan e

**MANIFESTAN**

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con persoas tanto de dereito público como privado ao abeiro do disposto no artigo 88 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, modificada pola Lei 4/1992 do 13 de xaneiro.

II. Que os concellos se configuran como as institucións máis próximas aos cidadáns e, en consecuencia, están en situación de avaliar en mellores condicións o grao de diversidade da demanda de atención social, artellar a oferta e optimizar os



recursos. Polo que o Concello sendo coñecedor das necesidades de recursos para a atención dos escolares e das carencias deses recursos, considera necesario o establecemento de liñas de colaboración de carácter estable entre o Concello de Pontevedra e a FANPA, co obxecto de coordinar as actividades de planificación para a mellora e ampliación da oferta actual en materia de educación.

III. Que a Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 28 establece que os municipios poden realizar actividades complementarias propias doutras administracións públicas, e en particular, as relativas á educación, á cultura, a promoción da muller, á vivenda, á sanidade, e á protección do medio ambiente.

IV. A Lei Orgánica 2/2006 (LOE), no seu artigo 8 fai referencia a coordinación entre a administración educativa e as corporacións locais para unha maior eficacia dos recursos destinados a educación e a mellor consecución dos fins da lei.

V. A Lei 1/1996, 15 de xaneiro da protección xurídica do menor, no seu artigo 11 sinala que as administracións públicas facilitaran aos menores a asistencia axeitada para o exercicio dos seus dereitos e para isto articularan políticas integrais e compensatorias encamiñadas o desenvolvemento da infancia, e a corrixir as desigualdades sociais.

VI. A Ordenanza de Impulso do uso do Galego do Concello de Pontevedra (BOPnº 231, do 30 de novembro de 2004), establece no artigo 2º.2.3, que o Concello de Pontevedra velará para que a nivel interno e nas actividades en que participe (convenio, consorcios..) sexan aplicados os principios establecidos na presente ordenanza.

VII. Que na actualidade existe unha demanda por parte das familias de cobertura de actividades, programas e servizos que axuden a conciliación da vida familiar e laboral en períodos vacacionais dos escolares.

VIII. O Concello de Pontevedra, na súa política educativa, considera necesario emprender accións para a atención dos menores, en idades comprendidas desde os 3 ata os 12 anos, durante os períodos non lectivos, co obxectivo de propiciar a conciliación da vida familiar e laboral, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a enriquecendo os seus propios recursos e favorecendo a relación cos seus iguais, mediante a ocupación do seu tempo libre con programas educativos que contemplan propostas que combinan o xogo con outras actividades creativas e de educación en valores, así como a adquisición de hábitos de convivencia e de reforzo na aprendizaxe de outras linguas (en concreto o inglés).

IX. A Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as Asociacións de Pais de Alumnos establece no seu artigo 5º que serán finalidades das Asociacións:

a) Asistir ós pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.



- b) Colaborar nas actividades educativas dos centros.
- c) Promove-la participación dos pais de alumnos na xestión do centro.
- d) Asistir ós pais de alumnos no exercicio do seu dereito a interviren no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.
- e) Facilita-la representación e a participación dos pais de alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados, se o caso.
- f) Calquera outras que, dentro da normativa vixente, lle asignen os seus respectivos estatutos.

A mesma Orde tamén establece no artigo 9.º que as Asociacións de Pais de Alumnos poderán federarse a nivel parroquial, local, comarcal ou en ámbitos territoriais máis amplos

X. Que a FANPA de Pontevedra, nas súas normas de ordenación, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades educativas. Entre os obxectivos e fins da FANPA de Pontevedra, se concreta a consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de mellora da educación, referenciados todas elas nos seus Estatutos, en concreto nos seguintes puntos:

- a) Realizar actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa protección da infancia e a xuventude, consistentes en cursos educativos, obradoiros, excursións, campamentos, actividades deportivas, culturais e de protección á infancia, á natureza e medio ambiente; ben prestados directamente ou por medio das ANPA federadas a través de convenios, concursos, acordos, etc... coas administracións públicas, en centros escolares ou afora deles.
- b) Asistir ás ANPA en todo aquilo que teña que ver cos fins fixados nos seus respectivos Estatutos, en especial no que teña que ver cá educación dos alumnos.
- c) Coordina-la actuación das ANPA para lograr unha unidade de acción.
- d) Representar e defende-los dereitos das ANPA asociadas e asistir no dereito dos pais e titores dos alumnos a intervir no control e na xestión dos Centros Públicos.
- g) Colaborar coas ANPA asociadas nas actividades educativas dos centros.
- h) Promove-la participación dos pais e titores de alumnos na actividade do Centro Escolar.
- l) Promover e desenrolar cantas actividades sexan necesarias para facilitar e conseguir os seus obxectivos, incluíndo o poder arbitrar medios económicos para axudar ós seus asociados, co obxecto de que podan desenrolar mellor os seus fins.
- n) Acadar un ensino de alta calidade, gratuíto e que desenrole a personalidade humana con respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades, ó abeiro do que dispón a Constitución Española do 1978.
- m) Promover todo tipo de asociacións encamiñadas a que os grupos marxinados socialmente por razón de etnia, diminución física, psíquica ou sensorial ou calquera outro motivo, sexan integrados nos Centros Educativos e admitidos con normalidade na Comunidade Educativa.
- o) Potenciar calquera actividade que leve a que a planificación dos programas



educativos respondan a unha integración social, laboral, cultural e económica dos grupos marxidados socialmente.

- p) Facilitar asesoramento legal a tódolos membros e asociados e, no seu caso, promove-las correspondentes accións administrativas ou xudiciais tendentes a garantir os intereses e dereitos recoñecidos legalmente.
- q) Fomentar e promover a cultura xeral, e en particular o idioma galego.

XI. Que a FANPA de Pontevedra é recoñecida pola súa constante actividade educativa en tódolos centros de ensino público da Provincia, que no caso do Concello de Pontevedra destaca, entre outras, pola súa labor na realización de actividades de formación dirixidas a pais, nais, alumnos e alumnas, así como a xestión de servizos complementarios, involucrándose activamente en conseguir unha efectiva conciliación laboral e familiar.

XII. Que para a execución deses programas e servizos, a FANPA de Pontevedra, finánciase a través das cotas e derramas das ANPA federadas, e das aportacións das familias. O conxunto das achegas sinaladas non chega o cen por cen do custo dos programas xestionados.

XIII. Tendo en conta o sinalado, a FANPA precisa da concorrencia doutras vías de financiamento. O Concello de Pontevedra, considera conveniente establecer mecanismos de financiamento por parte desta administración local, para subvencionar a realización de actividades a realizar pola FANPA como actividades de conciliación laboral e familiar e de ocupación do tempo de lecer.

Que esta coincidencia de obxectivos e a necesaria colaboración que se debe prestar entre as administracións, entidades e asociacións sen animo de lucro colaboradoras coas institucións educativas, aconsella a conveniencia e necesidade de xuntar esforzos e impulsar, dende o ámbito das respectivas competencias, e mediante os instrumentos legais oportunos, para manter en funcionamento as actividades realizadas en períodos non lectivos para os nenos/as.

De conformidade co manifestado, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir o presente Convenio de Colaboración para a prestación dun programa de actividades educativas de verán e Nadal 2011 no concello de Pontevedra, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Federación Provincial de Asociacións de Nais e Pais de alumnos de Pontevedra -FANPA- para o desenvolvemento dun progra-



ma de Actividades educativas de verán e Nadal, entendidas ditas actividades como espazo educativo e de encontro, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento integral do neno/a enriquecendo os seus propios recursos e favorecendo a relación cos iguais a través do xogo e conseguindo, deste xeito, a tan necesaria conciliación familiar e laboral.

### **SEGUNDA.- Contido do programa e accións a desenvolver**

As actividades educativas de verán e Nadal deben comprender un proxecto educativo para nenos e nenas de 3 a 12 anos con propostas que combinan o xogo con outras actividades creativas e a educación en valores e hábitos de convivencia. As actividades a desenvolver inclúen xogo libre, xogos de exterior, actividades predeportivas, xogos en gran grupo, obradoiros, actividades de animación á lectura, saídas ao entorno, visitas de personaxes ou grupos de animación.

As actividades de verán e Nadal inclúen, a lo menos, os seguintes programas:

- Dúas escolas de verán urbanas a desenvolver en dous centros educativos do casco urbano.
- Unha escola de verán urbana en Monte Porreiro
- Catro escolas de verán nas parroquias do rural.
- Unha escola urbana de Nadal.
- Unha escola urbana de Inglés no verán: *Playing in summer*. Escola de apoio e mellora do éxito escolar en competencia lingüística inglesa, que comporta ademais a realización de actividades dirixidas ao dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional da lingua inglesa.

### **TERCEIRA.- Destinatarios.**

Serán beneficiarios das actividades educativas obxecto deste convenio os menores con idades comprendidas entre 3 e 12 anos matriculados en centros educativos do concello de Pontevedra e nenos/as, que non estando matriculados en centros educativos do concello están empadroados no concello de Pontevedra. Tendo en conta as demandas doutras anos, se fai unha previsión estimativa do número de alumnos que a FANPA deberá atender nas actividades obxecto do contrato, a lo menos, de 1.390 nenos/as.

### **CUARTA.- Período de execución das actividades, horario e lugar de realización:**

O Servizo de Colonias urbanas de verán e Nadal terá o seguinte calendario e horarios en función da actividade:

#### **Escolas de verán urbanas**

*Escola de verán urbana en Monte Porreiro*

*Escolas de verán nas parroquias do rural.*

*Escola urbana de Inglés no verán: Playing in summer.*

Xullo e agosto; dúas quendas por mes. De Luns a venres, de 9:30 a 13:30 h

#### **Escola urbana de Nadal**

Do 22 de decembro ao 5 de xaneiro (11 días); de Luns a venres, de 9:30 a 13:30 h



#### **QUINTA.- Material e instalacións.**

1. A FANPA deberá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o uso das instalacións dos centros educativos públicos para o desenvolvemento das actividades, segundo os protocolos e normativa establecida pola devandita consellería.
2. Será por conta da FANPA, por si mesma ou por medio de terceiros, o material necesario para a prestación dos programas e actividades, incluído as roupas de traballo.

#### **SEXTA.- Obrigas.**

1. A FANPA terá a obriga de informar do período de recepción de solicitudes para participar nas actividades obxecto deste convenio, aos centros educativos e ao Concello, responsabilizándose así mesmo da recepción das solicitudes recibidas nos centros e posterior traslado ao servizo de Educación do Concello, para coñecemento e seguimento das actividades.
2. A FANPA, polos seus medios ou por medio dos terceiros que presten estes servizos, será responsable da apertura e peche dos locais onde se desenvolven as actividades, así como da recepción e control dos escolares participantes. Sendo da súa responsabilidade deixar os espazos onde se realicen as actividades nas mesmas condición de como os atoparon.
3. A FANPA comprométese, dentro do convenio, a realizar polos seus medios ou por medio dos terceiros que presten estes servizos, as accións e actividades necesarias para a contratación e formación continua de monitores competentes e con perfil profesional especializado en animación sociocultural; formación previa na actividade: formación en valores, dinámica de grupos e obradoiros, animación, actividades de tempo libre, animación á lectura, teatro,...
4. A FANPA comprométese, dentro do convenio, polos seus medios ou por medio dos terceiros que presten estes servizos, a contar coas correspondentes pólizas de seguros necesarios para a realización das actividades obxecto deste convenio.

#### **SEPTIMA.- Publicidade, seguimento e colaboración.**

Mediante o presente convenio, a FANPA obrígase a:

- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio, a participación e colaboración do Concello de Pontevedra e o seu correspondente logotipo no mesmo tamaño e con igual relevancia que o da Federación.
- Remitir anualmente ao Concello de Pontevedra unha memoria-informe detallada das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.
- Facilitar a actuación dos técnicos do Concello de Pontevedra no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Ter informado ao Concello de Pontevedra do desenvolvemento dos programas e das actividades subvencionadas con cargo a este convenio, así como do lugar e horario de realización das mesmas.

Así mesmo, mediante o presente convenio, a FANPA colaborara na difusión dos programas e accións formativas e divulgativas que dende o Concello de Pontevedra, e en particular dende a Concellería de Educación e Turismo, se



organicen en materia de educación e en beneficio do traballo a desenvolver cos nenos e nenas do concello de Pontevedra.

En aras dunha boa colaboración e coordinación, a FANPA, ademais de participar nos programas e actividades organizados polo Concello, tal como se sinala anteriormente, colaborará e coordinará á divulgación dos mesmos entre os seus socios, para acadar uns índices de participación óptimos.

A FANPA, mediante a sinatura do presente convenio, presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios do Concello, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Os datos referidos integrarán o ficheiro municipal habilitado ao respecto, e a FANPA poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

#### **OITAVA. - Orzamento do Concello**

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas no presente convenio o Concello de Pontevedra achegará, dos orzamentos municipais para o ano 2011, a cantidade de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €).

As achegas previstas polo Concello de Pontevedra serán destinadas a financiar parcialmente os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, entendidos estes, gastos de persoal, gastos correntes, materiais, etc.

De non xustificaren o importe total do orzamento obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, o Concello de Pontevedra minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado.

#### **NOVENA.- XESTIÓN DA DEMANDA.-**

Para o desenvolvemento do presente convenio, e tendo en conta o carácter público e social do obxecto do contrato, a FANPA establecerá, a lo menos, os seguintes criterios para a adxudicación das prazas:

1. Establecemento dun 10% do número de prazas en cada actividade, reservadas para menores derivados da Oficina Técnica de Benestar Social do Concello de Pontevedra.
2. Establecemento por parte da FANPA dun baremo para a priorización na adxudicación das prazas, que deberá incluír, a lo menos, os seguintes criterios :
  1. Situación laboral dos proxenitores, priorizando a situación de actividade laboral de ambos.
  2. Familias numerosas
  3. Estar matriculados en centros educativos do Concello de Pontevedra, priorizando a estes sobre os que non o están, e priorizando os matriculados en centros públicos sobre outros.



#### **DECIMA.- Persoal e inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre o Concello de Pontevedra e as persoas, profesionais ou empresas, contratados libremente pola FANPA para o desenvolvemento das actividades e programas que constitúen o obxecto deste convenio. De tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello de Pontevedra responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

O Concello de Pontevedra poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da FANPA das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar os programas e servizos obxecto deste convenio.

#### **DECIMO PRIMEIRA.- Duración do convenio.**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, cunha vixencia dun ano, prorrogándose mediante acto formal por períodos anuais ata un máximo de 6, salvo denuncia das partes, actualizándose anualmente a contía correspondente para ese ano conforme ao dato do IPC. Esta actualización quedará supeditada sempre á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias sinaladas nos orzamentos municipais.

#### **DECIMO SEGUNDA.- Forma de pagamento.**

Respecto da forma de pagamento estarase ao disposto no establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento e da Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do concello de Pontevedra e os seus órganos autónomos (BOP nº 190 do 30 de setembro de 2004).

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FANPA deberá comunicar ao Concello de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá presentar certificación do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria explicativa do desenvolvemento das distintas actuacións.

Tendo en conta o carácter de especial de interese público e social o obxecto deste convenio, a porcentaxe subvencionabel será do cen por cen do custo dos





gastos xustificados de xestión e realización dos programas e servizos desenvolvidos.

Así mesmo, tendo en conta ese carácter público e social, así como o carácter non lucrativo da FANPA, establececese un pagamento anticipado do 30% do importe da subvención establecida no presente convenio, para cada anualidade, con carácter de fondos xustificables como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. (Artigo 21. da Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do concello de Pontevedra e os seus órganos autónomos).

Os pagamentos poderán facerse efectivos mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva a medida en que a FANPA xustifique os gastos realizados na forma prevista anteriormente.

Os pagamentos efectuaranse previa xustificación pola FANPA, dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para o efecto. Esta xustificación realizarase mediante o presentación das facturas orixinais, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, así como, polos documentos xustificativos dos pagamentos realizados pola xestión e realización das actividades educativas complementarias. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades desenvolvidas con cargo a este convenio.

#### **DECIMO TERCEIRA .- Comisión de seguimento.**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Pontevedra polo Concelleiro de Educación e Turismo e pola Directora Xeral de Benestar Social e Educación, e a Xefa de Servizo de Benestar Social e Educación, e pola FANPA de Pontevedra pola/o Presidenta/e ou persoa da entidade na que delegue e por dous membros da Xunta Directiva da FANPA. Poderán asistir, a petición de calquera das partes asinantes, un ou varios técnicos da administración local.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

#### **DECIMA CUARTA.- Causas de resolución.**

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

1. O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**DECIMO QUINTA.- Carácter administrativo do convenio.**

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.


A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas polo Concello de Pontevedra poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso -administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa. Para tales efectos será competente o Xulgado do Contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

O Tenente de Alcalde  
do Concello de Pontevedra

Asdo.: Antonio Louro Goyanes



O Presidente da Federación Provincial  
de Asociacións de nais e pais de alumnos  
de centros públicos de Pontevedra - FANPA -

Asdo.: Manuel Alvite Vidal

